

JAM DE BARRIO

OBRAIDROS DE PROFESIONALIZACIÓN PARA PROXECTOS MUSICAIS EMERXENTES DE COMPOSTELA

SE TEDES UN PROXECTO MUSICAL EMERXENTE, JAM DE BARRIO OFRÉCEVOS UN TRIMESTRE DE ENSAIOS E TRABALLO MUSICAL DESEÑADO ESPECIFICAMENTE PARA AS NECESIDADES E IDEAS DA VOSA BANDA, ORIENTADO POR UN MÚSICO PROFESIONAL EN ACTIVO, CO QUE PODEREDES TRABALLAR DE CARA A GRAVACIÓN DUNHA MAQUETA E A PREPARACIÓN DUN CONCERTO FINAL.

QUEN PODE PARTICIPAR?

BANDAS E SOLISTAS DE MÚSICA EMERXENTES, DE CALQUERA ESTILO E SEN OBRA COMERCIAL EDITADA, CUXOS INTEGRANTES TEÑAN MAIORITARIAMENTE ATA 35 ANOS DE IDADE.

REQUISITOS

A BASE XEOGRÁFICA DE ACCIÓN ARTÍSTICA E/OU ENSAIOS DA BANDA OU SOLISTA DEBERÁ SER O CONCELLO DE COMPOSTELA OU COMARCA, E NON PODERÁ TER OBRA COMERCIAL EDITADA, AGÁS TRABALLOS AUTO-EDITADOS, NIN TERÁ ASINADO CONTRATO DISCOGRÁFICO NIN EDITORIAL. O PROXECTO PRESENTADO DEBE TER CLARA VOCACIÓN DE PROFESIONALIZARSE NA INDUSTRIA DA MÚSICA.

PRAZO DE INSCRICIÓN, SELECCIÓN E REALIZACIÓN

A INSCRICIÓN SERÁ DO 15 AO 25 DE SETEMBRO, CUBRINDO O FORMULARIO EN LIÑA NA SEGUINTE LIGAZÓN:

[HTTPS://GOO.GL/FORMS/FEUGARQFOEDTQVM2](https://goo.gl/forms/FEUGARQFOEDTQVM2)

SERÁN SELECCIONADOS DOUS PROXECTOS PARA REALIZAR CADANSEU OBRAIDRO, E NA SELECCIÓN SERÁN TIDOS EN CONTA OS REQUISITOS DE INSCRICIÓN, ASÍ COMO TRAXECTORIA E POSIBLES GRAVACIÓNS PREVIAS DO PROXECTO, E AS RAZÓNS ADUCIDAS PARA PARTICIPAR. OS DOUS GRUPOS ESCOLLIDOS SERÁN INFORMADOS O DÍA 26 DE SETEMBRO, VÍA CORREO ELECTRÓNICO E TELÉFONO. O OBRAIDRO DESENVOLVERASE DE OUTUBRO A DECEMBRO.

EN QUE CONSISTE?

- 1. COACHING MUSICAL.** DE OUTUBRO A DECEMBRO, CADA PROXECTO TERÁ UN ENSAIO SEMANAL DE DÚAS HORAS NOS LOCAIS DE ENSAIO DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA. OS ENSAIOS ESTARÁN DIRIXIDOS E ASESORADOS POR UN MÚSICO/A PROFESIONAL GALEGO/A EN ACTIVO. A FINALIDADE É DOBRE: POR UN LADO GUIAR NO ARRANXO DO REPERTORIO ACTUAL DO PROXECTO, ESPECIALMENTE NAQUEL MATERIAL QUE SERÁ GRAVADO NA MAQUETA FINAL, FOMENTANDO PARA ISO A CREACIÓN ORIXINAL NOVA CREADA DURANTE O OBRAIDRO, E POR OUTRO LADO SE AXUDARÁ A DESEÑAR UN SHOW EN DIRECTO E POSTA EN ESCENA DA BANDA. NO CASO DE NON TER DE RIDER TÉCNICO, AXUDARÁSELLE AO PROXECTO A CREAR O SEU PROPIO DOCUMENTO PROFESIONAL DE RIDER.
- 2. GRAVACIÓN DUNHA MAQUETA,** DURANTE O MES DE DECEMBRO, DE ATA CATRO TEMAS OU 20MIN MÁXIMO, REALIZADO EN ESTUDO PROFESIONAL. PRIORIZARASE A GRAVACIÓN DE MÚSICA ORIXINAL COMPOSTA POLO PROXECTO DURANTE O OBRAIDRO. CADA PROXECTO RECIBIRÁ COMO RESULTADO OS MASTERS DA MÚSICA, PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN OU EDICIÓN.
- 3. FESTIVAL E CONCERTO FINAL,** EN DECEMBRO, NUN CONTEXTO PROFESIONALIZADO. CADA PROXECTO SERÁ PAGADO A CACHÉ E CON ALTA LABORAL PARA CADA MÚSICO/A. NO MESMO EVENTO PARTICIPARÁN OUTROS GRUPOS PROFESIONAIS DA ESCENA COMPOSTELÁ, CUNHA JAM SESSION FINAL NA QUE TODOS AS BANDAS E SOLISTAS POIDAN TOCAR XUNTOS, FACILITANDO ASÍ UN ITINERARIO PARA MÚSICOS AFECCIONADOS QUE QUEIRAN PROFESIONALIZARSE.

+INFO: JAMDEBARRIO@GMAIL.COM

BASES COMPLETAS: [HTTPS://DRIVE.GOOGLE.COM/FILE/D/1L_VVSOTAQFGMSYPQHWEAUOARYSMLC09/VIEW?USP=SHARING](https://drive.google.com/file/d/1L_VVSOTAQFGMSYPQHWEAUOARYSMLC09/view?usp=sharing)

JAM DE BARRIO: OBRADOIRO PROFESIONAL PARA BANDAS EMERXENTES

DATA
OUT / DEC



ACTIVIDADES



COACHING

+



MAQUETA

+



CONCERTO

INSCRIPCIÓN

JAMDEBARRIO
@GMAIL.COM



Jam
de barrio